

A CARPA DE CIRCO

Aravindan Govindan, 1978

1269

ESTREA EN NUMAX: 09.04.2024 | V.O.S.G. | 129 min

“A carpa de circo” é unha película poética e alegórica que explora con delicadeza a transitoriedade das relacións humanas e o desarraigamento dos marxinados. A chegada dunha compañía de circo ambulante nunha bucólica aldea desencadea unha serie de efectos. Ao estilo cinéma-vérité, Aravindan formou unha troupe de verdadeiros artistas circenses e viaxou con eles ata o pobo de Thirunavaya nas marxes do río Bharathapuzha. O primeiro día montouse a carpa e convidouse a todos os habitantes da aldea para ver o espectáculo.

Presenta o profesor e programador de cinema Julio Vilarino Cabezas



Por que Aravindan Govindan?

Por Shivendra Singh Dungarpur

Esa foi a primeira pregunta que me formulan cando a xente se decatou da decisión da Film Heritage Foundation de restaurar as súas obras mestras de 1979 e 1978, poéticas pero relativamente descoñecidas, se as comparamos con «clásicos» máis obvios que produciu a India ao longo de máis dun século de cinema. A viaxe iniciouse en 1992, cando eu acababa de entrar no Film and Television Institute of India para estudar guión e dirección. Era unha época na que estabamos inmersos no visionado das películas dos mestres do cinema mundial: Tarkovski, Buñuel, Bresson, Antonioni... pero mesmo agora, case tres décadas despois, recordo con claridade saír do auditorio da Fundación tras ver a miña primeira película de Aravindan, *Kummatty* (1979) poética, amable, visualmente poderosísima, meditativa, con silencios elocuentes... Catívoume.

Vinme todas as súas fitas: *Kanchana Sita* (1977), *A carpa de circo* (1978), *Pokkuvayil* (1981), *Chidambaram* (1985)... e o marabilloso de todo iso é que cada película era diferente; unha exploración, cada unha delas, da forma cinematográfica, imposible de cualificar nos xéneros e estilos narrativos convencionais, allea aos ditados da teoría e o canon do cinema porque Aravindan era un autodidacta (...) El foi un dos cineastas máis extraordinarios da India e un faro do novo cinema indio malabar das décadas dos setenta e oitenta. Auténtico home renacentista, foi pintor, historietista, músico, director teatral e realizador. Na súa carreira, traxicamente breve —de 1974 a 1991—, fixo once películas e dez documentais, e case todas as súas fitas foron galardoadas con premios nacionais ou estatais.

(...) A restauración d'*A carpa de circo* resultou ser unha ardua tarefa. A fita presentaba rachaduras e perforacións e precisou dun traballo manual de moitas horas de limpeza dixital e de estabilización da imaxe que necesitou dunha coordinación constante entre eu mesmo en Bombai, os técnicos de Prasad en Chennai e o laboratorio de Boloña. *A carpa de circo* foi rodada en branco e negro por Shaji N. Karun en película Indu Stock, marca india de paquetes de película que se fabricaban en Ooty. Posto que o material fonte estaba en mal estado, a película escaneada presentaba grosas liñas negras e imaxes nas que se notaba moito o grao, e houbo que estabilizar a imaxe. Na copia sobre a que traballabamos, as escenas de exteriores estaban cheas de imaxes de alto contraste: os negros eran moi negros e os brancos moi brancos, sen tons intermedios nin detalles de sombras. Non queríamos que a película tivese unha aparencia totalmente limpa, igual que as dixitais de alta definición, senón igualar a beleza das imaxes orixinais e conservar algo do grao para que aínda dese a sensación de celuloide. Outra dificultade enorme radicou no son, de moi mala calidade por tomarse da copia. Aravindan sempre insistía moito no deseño sonoro dos seus filmes, e neste filme desempeñaba un papel de especial transcendencia porque a rodaxe se fixo ao estilo cinema vérité, cun elenco formado principalmente por actores non profesionais dunha compañía circense. En Boloña houbo que dedicar un intenso traballo á restauración do son, que foi un labor que levou meses ata que por fin puidemos darlle o visto e prace.

Pero, cando vin a versión restaurada definitiva, souben que era extraordinaria, sobre todo dado o estado dos elementos con que tivemos que traballar. E deume a razón o feito de que a restauración d'*A carpa de circo* fose seleccionada para unha estrea mundial, con alfombra vermella, no Festival de Cinema de Cannes de 2022.